

VIEIROS

Edición xeral

RECITAL NO CGAC

As poetas contra a violencia do xénero

"A voz das poetas contra a violencia de xénero" é o lema dun recital organizado pola Secretaria Xeral da Igualdade e a consellaría de [Cultura](#) con motivo da celebración, o vindeiro venres, do [Día Internacional contra a Violencia de Xénero](#). No acto participarán as poetas Ana Romani, Antía Otero, Chus Pato, Enma Couceiro, Helena Villar, Marga Doval, María do Cebreiro, Marilar Aleixandre, M^a Xosé Queizán, Margarita Ledo, Marica Campo, Marta Dacosta e Yolanda Castaño. A música virá da man de Carme Dor e Ugía Pedreira, coa danza de Branca Novoneira. O recital celebrarase no salón de actos do Centro Galego de Arte Contemporánea, [CGAC](#), de Santiago o vindeiro xoves 24 de novembro ás 20.00 horas.

- 13:16 22/11/2005